

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****GROVE, O****Persoal, oposicións***CONVOCATORIA DE PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL**PREGO DE CONDICIÓN QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 7 AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2018 POR UN PERÍODO DE CATRO MESES.*

*Obxecto da convocatoria:* É obxecto da presente convocatoria proceder á selección de 7 auxiliares de policía local, a través do sistema de oposición e unha lista de reserva de contratación. Este proceso rexeráse polas presentes bases e o non previsto nelas, pola Lei 4/2007, do 20 de abril, Decreto 243/2008.

*Duración do contrato:* a duración do contrato será de catro meses.

*Remuneración:* a remuneración a percibir polos/as contratados/as será a prevista no presuposto vixente do Concello, de 970,21 € brutos mensuais, por todos os conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

*Condições dos/as aspirantes:* para tomar parte no proceso de preselección, os/as aspirantes terán que reunir os seguintes requisitos e aportar os correspondentes documentos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, segundo o previsto no art. 57 do RDL 5/2015.

b) Ter dezoito anos e non exceder, da idade máxima de xubilación forzosa segundo o RDL 5/2015.

c) Posuír a titulación esixible para o acceso os funcionarios do grupo C2. (ESO, graduado escolar ou equivalente) ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

d) Non ter sido condenado/a por delito doloso nin estar inhabilitado/a absoluta ou especialmente, para o exercicio das funcións públicas nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, con todo, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

e) Estatura: mínimo 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

f) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.

g) Certificado ou informe médico, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que constan nas presentes bases e que non padece enfermidade nin está afectado por limitación física ou psíquica para o desenvolvemento das funcións propias de auxiliares da policía local.



Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

*Instancias e admisión:* as instancias para solicitar tomar parte na presente convocatoria presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo de dez días naturais seguintes ao da publicación do correspondente anuncio no BOP. Publicarase tamén nun diario de máxima difusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello ([www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es)) e dirixiranse ao presidente da corporación.

Os/as aspirantes manifestarán neste momento que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas no apartado “Condicións dos aspirantes” e, que se comprometen, de selo caso, a realizar o curso para auxiliares da policía local na Academia Galega de Seguridade.

Tamén poderán acreditar con certificacións oficiais o coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na Orde do 10 de febreiro de 2014, da Consellería da Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

*Lista de admitidos e excluídos:*

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e comprobadas as mesmas, o alcalde da Corporación, ditará resolución pola que declara aprobada a lista de provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión.

Esta resolución farase pública no BOP, no taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web do concello ([www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es)), concedendo un prazo de dez días hábiles para que os excluídos/as, poidan emendar os erros e presentar nova documentación.

Transcorrido o prazo anterior, o alcalde, ditará nova resolución aprobando a lista definitiva de admitidos/as ao proceso selectivo, fixando a data e o lugar de comezo das probas.

*Obrigatoriedade dos aspirantes a concorrer ás probas*

Os/as aspirantes deberán acudir ás probas nas datas e horas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lle impedira acudir, excepto que a causa sexa posible por ter amparo en precepto legal.

As aspirantes embarazadas que consideren que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros día do puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstas no proceso selectivo, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando a comunicación do correspondente informe médico oficial. Esta comunicación deberá realizarse co tempo suficiente e o tribunal determinará en base á información de que dispoña, si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba ou ben ambas medidas conxuntamente.

*Fase de oposición:* a puntuación total de cada aspirante será a que resulte da suma obtida en todos os apartados.

Probas físicas, que medirán a capacidade física dos/as aspirantes para as funcións que teñen que desempeñar. Cualificaranse con apto/non apto.

Cuestionario de preguntas tipo test, sobre un temario, que se cualificará de cero a dez puntos.



Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

Coñecemento da lingua galega. Cualificarase de apto ou non apto.

*Chamamento das persoas admitidas ao proceso selectivo.*

A orde de actuación das persoas aspirantes no proceso selectivo, empezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "G"

### COMPROBACIÓN DA ESTATURA

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de Policía Local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

### PROBAS FÍSICAS

Aquelas probas que así o precisen, a orde de actuación será alfabético, polo primeiro apelido.

Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

Potencia tren inferior: *salto vertical*

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa e partindo dunha situación en pé.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

Separándose 20 cm. da parede, pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar

O salto realizarase cos dous pés o mesmo tempo.

Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo o primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a conseguida co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18 - 36 ANOS	37 - 45 ANOS	46 OU MÁIS ANOS
HOMES	41 cm	33 cm	29 cm
MULLERES	32 cm	28 cm	25 cm

Resistencia xeral: *carreira de 1.000 metros lisos.*

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo. O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado.



Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

A posición de saída realizarase en pé. Só se permite un intento. O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído/a. A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18 - 36 ANOS	37 - 45 ANOS	46 OU MÁIS ANOS
HOMES	4'30''	5'00''	5'15''
MULLERES	5'00''	5'30''	5'45''

### POBRA DE COÑECEMENTOS

#### *Test.*

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal.

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A - F/3)/5$ . Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respondidas.

#### *Proba de galego.*

Consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego, elixido polo tribunal e será necesario obter o resultado de apto/a. Estarán exentos os aspirantes que acrediten o CELGA 3 ou equivalente, segundo o previsto na Orde do 16 de xullo do 2007.

### TEMARIO

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

5. A actividade da policía local como policía administrativa. I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.



Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

6. A actividade da Policía Local como policía administrativa. II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.

8. Delitos contra a seguridade viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor: lesións e danos imprudentes.

9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A Policía Local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

### *RELACIÓN DE APROBADOS/AS*

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas. O tribunal non poderá declarar aprobado ou superado o proceso selectivo por un número de aspirantes que resulte superior ao das prazas convocadas.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva que aínda que superaron o proceso selectivo non resultaron aprobadas por obter unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

### *CURSO DE FORMACIÓN*

Os/as aspirantes que superasen o proceso de preselección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2.º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.



Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

*TRIBUNAL*

5 membros:

Presidente, 3 vogais, secretario ou persoa en quen delegue.

*Nomeamento.* O nomeamento dos aspirantes levarao a cabo o alcalde-presidente vista a proposta do tribunal e logo de realizar o curso na Academia Galega de Seguridade, se non o tivese.

*Incorporación ao servizo.* Oportunamente comunicaráselles aos/ás seleccionados/as a data para o inicio dos servizos.

O Grove, 2 de maio do 2018

O alcalde

Jose A. Cacabelos Rico

